



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

Bravo Bernárdez, Jorge
Carballo González, Ángeles
De los Bueis Mellado, Jorge
Fernández Fernández, Federico
Fernández Iglesias, Manuel José
Ríos Santomé, María José
Valderrama Santomé, Mónica
Valeije Álvarez, Inmaculada
Vaquero Díaz, Beatriz
DESCULPA ASISTENCIA
Diz Ferreiro, Paula

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo, do día 7 de abril de dous mil catorce, convocada para as 11:30 horas en primeira convocatoria e ás 12:00 horas en segunda nas salas de videoconferencia dos campus de Ourense, Pontevedra e Vigo.

O día **7 de abril de 2014**, ás 12:07 horas, deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Resolución das reclamacións á proclamación provisional dos resultados ás eleccións á Reitor e a representantes do Claustro Universitario e proclamación definitiva de resultados de cada elección.
2. Asuntos varios.
3. Rolda libre de intervencións.
4. Aprobación, se procede, da acta do 7 de abril de 2014.

Punto 1. Resolución das reclamacións á proclamación provisional dos resultados ás eleccións á Reitor e a representantes do Claustro Universitario e proclamación definitiva de resultados de cada elección.

Toma a palabra o presidente da Comisión Electoral para dar conta do que segue a continuación.

En primeiro lugar, informa da modificación, feita de oficio, da proclamación provisional da circunscrición B1) Facultade de Historia e Facultade de CC da Educación de Ourense:

Explica que houbo un erro no cómputo de votos correspondentes a Dna. M^a Isabel Doval Ruíz; que tivo 0 votos na Facultade de Historia e 1 voto na Facultade de Ciencias da Educación. Na transcripción dos resultados recollidos no documento produciuse un erro, xa que se puxeron 11 votos en lugar de 1 voto. O vicerreitor salienta que o erro non afecta aos resultados da proclamación provisional nin da proclamación definitiva.

En segundo lugar, informa da reclamación (**Anexo I**), recibida o venres 4 de abril, presentada por D. Horacio Antonio Villar Suárez. De dita reclamación teñen coñecemento todas

e todos os membros da Comisión Electoral, por canto foi achegada coa documentación da convocatoria:

Informa que o recorrente solicita que se proceda á anulación da proclamación provisional de D. Salustiano Mato de la Iglesia, como candidato electo para o cargo de Reitor, por ser contrario o procedemento electoral ás normas estatutarias da Universidade de Vigo. A solicitude do recorrente remata pregando que se proceda á nova elección de acordo co disposto na vixente normativa. O presidente da Comisión Electoral expón que os motivos do recurso fundaméntanse en que a elección se realizou incumprindo o disposto no art. 51 dos Estatutos da Universidade, en canto que ao haber un único candidato, non se permitiu a emisión de votos favorables e contrarios, tal e como recolle devandito articulo. Que o recorrente apela a que tal e como establece o art. 1.2 dos Estatutos, constitúen a norma institucional básica do novo réxime de autogoberno da Universidade.

Seguidamente, o presidente da Comisión Electoral di que, na súa opinión, o fondo do asunto foi tratado na sesión desta comisión de 20 de marzo, respecto da reclamación presentada polo Prof. Mejuto e outros profesores, e que a reclamación debe resolverse no mesmo sentido que a contestación dada pola Comisión Electoral no acordo adoptado en dita sesión. Sinala que, en calquera caso e independentemente do fondo, solicitarase apoio da Asesoría Xurídica da Universidade para darlle a forma axeitada a dita resolución.

A continuación, abre unha quenda de intervencións e cédelle en primeiro lugar a palabra á secretaria por se quere intervir, quen responde que non ten nada que alegar ao dito polo presidente.

Intervén Dna. Mónica Valderrama para dicir que na sesión precedente, e tal como se reflectiu na acta e sen ánimo de ser reiterativa no manifestado na sesión celebrada o día 20 de marzo, xa aclarou que non tivo tempo suficiente para ler a reclamación presentada polo Prof. Juan Carlos Mejuto e outros; que na presente sesión trae o seu voto particular por escrito e desexa que trala súa lectura se achegue á acta. Continúa dando lectura ao documento que consta como **Anexo II**.

Seguidamente, intervén D. Federico Fernández para dicir que segue defendendo a opinión que mantivo na sesión da Comisión Electoral do 20 de marzo: que aos argumentos anteriores engade que o regulamento da Lei orgánica electoral establece como se deben contar os votos; que estamos ante un proceso electoral e non ante un referendo ou un plebiscito. En consecuencia, se a decisión adoptada fronte á primeira reclamación foi a acaída, tamén mantén a mesma opinión para resolver a reclamación interposta por D. Horacio A. Villar.

A continuación o presidente da Comisión Electoral di que se procede á votación entre as dúas opcións existentes:

A) Aceptar a reclamación interposta por D. Horacio A. Villar, no sentido de que se proceda á anulación da proclamación provisional de D. Salustiano Mato

de la Iglesia como candidato electo para o cargo de Reitor, por ser contrario o procedemento electoral ás normas estatutarias da Universidade de Vigo.

B) Rexeitar a reclamación interposta por D. Horacio A. Villar, no sentido de que se proceda á anulación da proclamación provisional de D. Salustiano Mato de la Iglesia como candidato electo para o cargo de Reitor por ser contrario o procedemento electoral ás normas estatutarias da Universidade de Vigo.

Procedese á votación:

Opción A): Un voto a favor de aceptar a reclamación interposta por D. Horacio A. Villar, emitido por Dna. Mónica Valderrama.

Opción B): 7 votos a favor de rexeitar a reclamación interposta por D. Horacio A. Villar.

Dna. Inma Valeije, secretaria da Comisión Electoral, abstense na votación por establecelo así o Regulamento de réxime interno do Claustro Universitario.

Acórdase por maioría a proclamación definitiva de D. Salustiano Mato de la Iglesia como reitor da Universidade de Vigo.

En consecuencia, a Comisión Electoral acorda:

Segundo o Art. 34 do Procedemento para elección de membros do Claustro Universitario, acórdase a proclamación definitiva dos resultados das eleccións a representantes no Claustro Universitario e elevar á presidencia da Mesa do Claustro o resultado definitivo das eleccións.

Así mesmo e de acordo ao establecido no Art. 29 do Procedemento para elección do reitor ou reitora, acórdase por maioría (7 votos a favor) a proclamación definitiva de D. Salustiano Mato de la Iglesia como reitor da Universidade de Vigo.

Punto 2. Asuntos varios.

Non hai asuntos varios.

Punto 3. Rolda libre de intervencións.

Intervén Dna. Beatriz Vaquero para preguntar sobre se se sabe cando decidirá o xuíz o recurso, presentado polo Prof. Mejuto e outros profesores. O presidente da Comisión Electoral responde que a Universidade está ao que dispoña o xulgado, que ten o seu calendario. En calquera caso, informarase puntualmente de calquera avance.

Intervén Dna. María José Ríos Santomé para pregar que nas actas se poña o seu nome completo.

Intervén D. Federico Fernández para dicir que, en relación ao reconto de votos nas eleccións a representantes do PAS no Claustro e coa finalidade de que se poidan ver con claridade os resultados e evitar os erros no momento de ser computados, se é posible se faga un documento dixital para que os membros das mesas electorais poidan cubrir nela os resultados do reconto de votos, e así remitilos informaticamente á Secretaría Xeral. Tamén, que se dean instrucións ás mesas electorais para cumprimentar as actas de reconto de votos, no que respecta ao número de votos emitidos (os votos válidos, os votos brancos e os votos nulos).

Dona María José Ríos Santomé intervén para preguntar por que as papeletas de votación nas que había mulleres candidatas comezaban na letra Z.


Respondéselle que obedece a que a letra sorteada fora VL.

Punto 4. Aprobación, se procede, da acta do 7 de abril de 2014.

Apróbase, quedando pendente de que se achegue a todos os membros por correo electrónico por se desexan facer algunha aclaración.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:27 horas do día 7 de abril de 2014, da que eu como Secretaria Xeral dou fe co visto e prace do presidente da Comisión Electoral.

O presidente da Comisión Electoral



Manuel Fernández Iglesias

A secretaria da Comisión Electoral



Mª Inmaculada Valeije Álvarez